

O académico Anxo Angueira Viturro ingresa na Real Academia Galega este sábado

REDACCIÓN
Santiago

Anxo Angueira Viturro (Dodro, 1961) ingresará na Real Academia Galega como membro de número este sábado, 27 de abril, nunha sesión extraordinaria pública que terá lugar no auditório municipal de Padrón a partir das 12.00 horas.

O profesor da Universidade de Vigo e escritor, actual presidente da Fundación Rosalía de Castro, pronunciará o discurso titulado *Ies a noite; i es a aurora. A poética da luz en Rosalía de Castro*, ao que lle dará resposta en nome da institución a académica Chus Pato.

Anxo Angueira Viturro é profesor



Anxo Angueira Viturro / CEDIDA

titular da área de Filoloxías Galega e Portuguesa da Universidade de Vigo e centra os seus estudos na xénesis e características do Rexurdimento. Autor de traballos como *Das copias de Sarmiento os cantares de Rosalía de Castro. Cara a unha nova periodización do Rexurdimento* (2013) ou *Rexurdimento: a palabra e a idea* (2019), conta cunha intensa e dilatada dedicación á obra de Rosalía de Castro, con achegas que permiten unha lectura anovada e respectuosa coa vontade da autora. Ademais, preside, dende o ano 2012, a Fundación Rosalía de Castro, na que desenvolve un destacado labor de divulgación da figura e do legado literario da escritora.

Como investigador e ensaísta, cumpre destacar os estudos e ediciones da obra de Xosé Luís Méndez Ferrín: *Con Pájaro e magnolias. Guía de lectura* (1992); *Poesía entera de Heriberto Bens* (1999); *A espiral no espello. Bretaña, Esmeraldina e o sistema literario galego* (2009).